

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE XULLO DO 2021.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e seis de xullo do dous mil vinte e un, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Diaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Experta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretaria accidental: D^a Elisa Martínez Arias, que dá fe do acto

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 28 DE XUÑO DO 2021.

Sométese a votación a acta do pleno de 28 de xuño do 2021, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 23.06.2021 ao 15.07.2021.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 23.06.2021 e o 15.07.2021

PARTE RESOLUTIVA

3º.-APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA “MESTRE IBÁÑEZ”.

O ditame é favorable á moción, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (ESPERTA MONFORTE!) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“ANTECEDENTES

1º.- Con data 26.04.2021 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública da Modificación da Ordenanza Municipal de Tráfico.

2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

3º.- Con data 05.05.2021 D. Miguel Alvarez Fernández, D. Andrés Campanario Rodríguez, Dª María Teresa Domínguez Pereira, Dª Paula López López, D. José Luis García Díaz, Dª Montserrat Quiroga Rodríguez e D. Alberto Loureiro Casas, profesores do conservatorio, presentan unha proposta de regulamento.

4º.- Con data 15.06.2021 convocouse a Mesa Xreal de Negociación cuxa acta consta no expediente.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 16 de xullo do 2021 emite informe do tenor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade

reglamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos do fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento)

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que

dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

- e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

- f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

- g. Entrada en vigor.*

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran en vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa foi realizada mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Monforte de Lemos, con data 28 de abril de 2021, téndose presentado vía e-mail con data 5 de maio de 2021 por D. Miguel Alvarez Fernández, D. Andrés Campanario Rodríguez, D^a María Teresa Domínguez Pereira, D^a Paula López López, D. José Luis García Díaz, D^a Montserrat Quiroga Rodríguez e D. Alberto Loureiro Casas profesores/as do Conservatorio un texto regulamentario completo.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de aprobación inicial do Regulamento do Conservatorio Municipal de Música "Mestre Ibáñez".

É canto procede informar".

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA "MESTRE IBAÑEZ".

SEGUNDO.- De acordo co disposto no art. 49 b) LRBRL, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación.

TERCEIRO.- Dispoñer que, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

O Alcalde sinala que se vai debater conxuntamente este punto e a moción do PP.

Intervén D. Ibán Torres sinalando que o conservatorio foi creado no ano 2000, fai referencia as distintas especialidades do mesmo.

Este servizo foi creado polo Concello e polo tanto ten carácter municipal. As ensiannzas musicais a excepción da danza son competencia das Comunidades Autónomas. Fala do coste directo soamente de persoal 260.799,97 euros, costes indirectos mantemento do edificio, calefacción etc. Este equipo de goberno apostou sempre por este servizo. A rEgulación ocasionou unha serie de disfuncions que este equipo de goberno quere que rematen. Sinala que que o conservatorio ven de xestionarse dunha forma autónoma, dunha forma asamblearia. Deciden os traballadores que días van ou non a traballar. Isto tivo o seu culmine no antroido 2021, na que varios traballadores decidiron acudir ao seu traballo o que desembocou en expedientes disciplinarios que acaban de rematar recentemente dunha maneira bastante benevolente. Os traballadores do conservatorio son traballadores municipais igual que o resto dos traballadores municipais, o que se pretende con esta norma é regularizar a normativa de funcionamento. Fala da consulta previa na que algúns docentes presentaron un documento alternativo. O Alcalde e a concelleira delegada de persoal decidiron convocar a mesa negociadora, a mesa negociadora manifestouse co voto favorable de UGT, as abstencións do CSIF e da CIF e o voto en contra de CC.OO. Di que agora se trae a

aprobación inicial e será exposto ao público antes da súa aprobación definitiva que estiman que podan ser no mes de setembro, é un regulamento adecuado e moi estudado, regulación para que o servizo se preste dunha forma adecuada.

Interven D^a Katherinie Varela sinalando que o Grupo Popular presentou unha moción par aprobar o regulamento do conservatorio, isto se debe a que o día 26 de abril aprobose a consulta pública. Di que a súa agrupación, xa presentou nese pleno a necesidade do regulamento debido ás diferencias entre o Concello e os traballadores, por iso presentan agora isto xa que despois de tres meses non se trouxo ningún regulamento, por iso presentan este regulamento para ser aprobado. Fala das normas básicas de regulación. Posteriormente o equipo de goberno presenta un regulamento distinto a este. Sinala que queda exposto o que presentan. Di que no regulamento algunhas das anomalías que cren que non é correcto xa que é mais correcto o que presentan os profesores. Non figura a ensinanza de flauta, que actualmente hai alumnos, parécelle raro que no regulamento se inclúan os instrumentos. En canto á elección do equipo directivo parécelle máis axeitado o presentado polos profesores. Di que non se pode elixir por separado se ten que presentar un equipo directivo conxunto, por iso lles parece máis adecuado o presentado polos profesores. Di que lles da pena, que se fale dos costes do conservatorio. Fala da necesidade de que haxa máis ofertas, hai determinados gastos que hai que asumir para que a cidade non teña máis decadencia da que xa ten. En canto ao decreto 223/2010, non entenden polo que no regulamento falan de cousas de avaliación, de actitude dos alumnos. En canto ao horario, que é outro dos conflitos, queren lembrar que é verdade que son empregados municipais, pero non todos os empregados teñen o mesmo carácter, non se pode comparar o traballo que realizan os profesores, cun policía local, cun administrativo. Os profesores teñen que ter uns horarios lectivos e outros non lectivos para preparar as clases, non están en orde a normativa superior xerárquica, cada empregado ten a súa propia característica segundo a función que realizan. Sinala que é importante a maneira lectiva e educativa. Di que seguen apoiando o regulamento que presentan os profesores.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinalando que é certo que dende que botou a andar no ano 2000, é preciso e necesario un regulamento para un bo funcionamento, fala de que hai algún vacío normativa. Di que lle houbera gustado que cando viñera aquí este regulamento se consensuara con todos os grupos. Sinala que hai cousas que non se entenden, é un regulamento de funcionamento orgánico, aquí se están entrometendo no consello escolar e no claustro. Hai cousas que non se entenden, o sorteo dos alumnos no caso que a demanda supere a oferta, que teñan prioridade os empadroados en Monforte. Fala das horas complementarias, pon claramente que as horas complementarias que se veñen realizando so se manterían as que se veñen realizando pero non para alumnos de novo ingreso.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que dende Esperta Monforte apoian a moción do PP porque se axusta moito máis, aínda que vostedes van aprobar aquí.

Sen embargo, bota en falla o tema do sorteo das plazas, a elección do equipo directivo, os deretios de persoal docente, a ausencia de redución e horarios, fala da orde de 4 de agosto do 2021, decreto 223/2010 o que se ve aquí non teñan vostedes vontade política para rematar con este problema, contrario ao que presentan os traballadores. Fala do artigo 2 e artigo 7, deixan ao azar a admisión dos alumnos no conservatorio. Di que lle parece inadmisibile que unha cidade como Monforte, cun grupo socialista, teñan unha maior demanda que oferta de prazas quedando anos atrás nenos e nenas sen poden matricularse. Sería moi interesante invertir en cultura, vostedes contestan que son cousas que xa herdaron.

Intervén D. Ibán Torres di que verdadeiramente vai puntualizar unha serie de cuestións. Di que roza a desfachatez traer a este pleno a proposta presentada por algúns docentes do conservatorio. En calquera caso, di que non ten nin a vontade de cambiar nin unha soa coma, son coñecedores todos os profesores, non sabe cal é a razón de fondo. Se os apoia de verdade porque non o asume a Xunta.

Intervén D^a Katherinie Varela sinalando que a nivel personal non ten nada en contra de vostedes para que non haxa ofensas, como políticos son ben mediocres, vostede non leu a moción presentada, porque na moción presentada expón claramente que é o regulamento que presentaron algúns dos profesores e que tras a súa lectura lles parece correcto. Consideran que teñen a razón nos seus conflitos, non sabe a que ven o seu ataque, esa visita ás instalacións do coservatorio, di que ela non entrou, é como a biblioteca que está aberta ao público, di que como concelleira se se quere reunir alí o pode facer, di que é unha vergoña a súa xestión. Unha proba delo nin sequera todo o material que se atopa alí, por outra lado, se consideran que se quebrantou algunha norma, ábranme un expediente, lle gusta levar ao Concello ao Xulgado por pasar por unhas instalacións públicas nas que pode entrar perfectamente. Parece que vostede se cren que os edificios públicos sexan de vostedes, son de todos os cidadáns, o regulamento é o que presentaron algúns profesores.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que hai contradición no propio regulamento na páxina 10 artigo 20, e se nos vamos á derradeira páxina ven dicir o mesmo, son contradicións e outra máis, entenden que esto foi un corta e pega do propio regulamento. Son cousas que se deberían correxir. Fala da intromisión no Consello escolar e no claustro. Di que se lle dan a escoller o regulamento que presenta o Concello ou o que trae o partido popular presentado polos profesores, escollería o dos profesores, é un proxecto que se pode modificar que é unha base para traballar sobre a que ten melloras, dista moito do regulamento do funcionamento orgánico. Di que o seu voto vai ser en contra do regulamento que presenta o Concello e a favor da proposta que trae o Partido Popular.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez Pérez dicindo que no artigo 35, no tema dos horarios, o lectivo de 25 horas de docencia directa o que supón unha contradición coa normativa actual. No seu regulamento establece que a actividade docente será

un mínimo de 2 horas e un máximo de 6. Na elección de horarios no regulamento, cren que se debe incorporar, sendo imprescindible.

Intervén D. Iván Torres dicindo que hai un procedemento para realízalo. Unha copia chámase plagio. Di que algúns profesores pretenden un tratamento diferenciado como se fosen traballadores da Xunta pero non o son, son traballadores do Concello. O conservatorio funcionaba de forma asamblearia pero estamos nun estado de dereito. Sinala que os profesores adoptaron unha estratexia de confrontación co Concello, exercen o seu dereito como calquera traballador, pero o que non entenden é que o Concello, é a quen lle corresponde organizar o traballo.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que os traballadores teñen os mesmos dereitos, parece que os traballadores teñen os mesmos dereitos que os outros traballadores, parecélle increíble, teñen vostede moi pouca capacidade de conciliación como se cren que os edificios son seus, como abren expedientes, estivo un minuto da súa exposición falando de que ela fora a ver un edificio público. Di que é necesario un regulamento interno, como vostedes non o presentaron nun prazo de tres meses, di que eles como coñecedores de que os profesores presentaron un regulamento, pois consideren que deben presentalo a modo de moción.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que quere aclarar algunha cousas, o sr. Torres dixo que todos teñen os mesmos dereitos e as mesmas obrigacións. Di que fai algúns meses anunciou que ao pleno de xullo viría este regulamento así que non veña dicir aquí que grazias a súa iniciativa trouxeron este regulamento. O equipo de goberno non ten ningún conflito, se resulta que poñer as cousas en regra é crear un conflito. Di que xa falou cos traballadores e lles dixo cal era a idea, o que pasa é que pensaron outra cousa distinta do que vai ser, pensaron que todo o monte era orégano. Fala vostede da oferta de diversos instrumentos, é unha potestade do Concello, ofertando as especialidades que considere, polo tanton isto non é un dereito, é un dereito de ofertar quén goberna e se alguén quere crear conflitos é o seu problema. Sobre o equipo directivo, que unha cousa é cando son centros que pertencen orgánicamente á Xunta de Galicia e outra cousa é cando non o son. Iso quedará perfectamente definido na regulación de postos de traballo que se está facendo. Grazias a deus, Monforte está revivindo, hoxe xa non quedan pisos de aluguer. Galicia está moitísimo peor, e a débeda triplicouse, mire vostede. Fala vostede de comparar colectivos, falaba da policía local, pero a organización do traballo é da empresa, igual que a Xunta de Galicia organiza o seu traballo. Dille a D. Emilio José Sánchez cando fala vostede de intromisión no Claustro e no Consello Escolar ou non interpretou ven o que está posto no regulamento, para nada o consello escolar e o claustro está copiado do que é o decreto, vostede estalle dando potestade de decidir a uns órganos que teñen capacidade de propoñer non de decidir. O que non se pode priorizar alumnos doutros Concellos deixando aos de Monforte fóra, a mellor maneira de facelo é de sortear. A propia Xunta di

textualmente que o decreto é de aplicación mentras non haxa normativa propia do Concello, se hai normativa propia do Concello xa non se usa a da Xunta salvo naquelas cuestións académicas. Dille a D^a Katherinie que hai que ser faltón para chamarlle mediocre ao oponente, os monfortinos pensan outra cousa, fai pouco un medio comunicación publicou unha enquisa vostede saberá se lle da para ser alcaldesa, non sabe como ten o atrevemento para entrar onde lle dea gana, os edificios públicos son os da Xunta de Galicia. Non fagan vostede poñer en risco a traballadores, pero iso di moito de vostedes. Di que as certificacións son as que valen nas obras públicas, non é a opinión dun político, vostede ten que pedir a información e non ir a busca, pero vostede non pode entrar, sinala que vai pedir un informe sobre ese tema. Pídelle a D^a Katherinie que fóra un pouco máis prudente e máis educada.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e oito abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal socialista, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (ESPERTA MONFORTE!) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“-Aprobar o Regulamento de organización e Funcionamento do Conservatorio Municipal de Música “Mestre Ibañez” presentado polos profesores e que se adxunta xunto este escrito de proposta de moción”

Este asunto débense conxuntamente co punto número 3.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

5º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE! PARA EMPEZAR OS ESTUDOS E TRABALLOS PEVIOS DE CARA A ELABORACIÓN DO PXOM DE MONFORTE.

O ditame é favorable á moción, con un voto a favor de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (ESPERTA MONFORTE!) Grupo Mixto e nove abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos concelleiros/as do grupo

municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“-Empezar os estudos e traballos previos de cara a elaboración do PXOM de Monforte”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que se ten falado de abondo neste pleno. Cren que é unha ferramenta chave para o desenvolvemento da cidade, é certo quen governe ten dicir cando se fai, pero cre que é unha prioridade porque isto leva un tempo, canto antes se empece mellor. Isto non vai deixar de ser zona inundable dentro de dous ou tres anos, debe de facerse, pero agora dende o punto de vista económico do Concello é o momento idóneo.

Intervén D^a Katherinie Varela di que están a favor, porque é absolutamente necesario, non responsabilizan ao equipo de goberno, é unha resopnsabilidade de todos en xeral, dos cidadáns, dos políticos, non veñen a culpar ao goberno local, pero cren que é necesario poñerse a traballar nelo.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que o tempo que levan gobernando viron mocións de todo. Este alcalde di que se adican a cousas serias, realizando inversións en proxectos importantes, este alcalde está cos monfortinos e seguindo o seu programa. Agora mesmo a execución do programa electoral a marca o alcalde. Non merece consideración a moción.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dille a D. Ibán Torres que pero non diga que temos que traer cousas serias, cousa máis seria que o PXOM que é. Di que non ve ningunha cousa nova, novidades, e se seguiría esperando, entenderán que vai no seu programa. Non digan do tema que se se pidan unhas cousas ou outras, agora digan que hai outras prioridades. Di que eles teñen un programa, eles estiveron esperando pacientemente, sinala que é un tema o suficientemente serio como para que vostede diga que se teñen que traer cousas máis serias.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que teñen a sorte de fiarse da palabra de quen goberna, xa que ía no seu programa, quedan dous anos, imos confiar niso.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que el non di que o PXOM non sexa unha cousa seria. Pregúntalle a D. Germán a que se refire con empezar, os estudos que estudos son aos que refire, por suposto que o PXOM é unha cousa seria, non refire ningunha actuación concreta, en qué consisten os traballos, os estudos, etc.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez pregunta que é o de concretar, se quere o que podería facer é coller o programa, empezar os estudos e traballos previos de cara a elaboración do PXOM de Monforte, el pregunta o que di o seu grupo no seu programa. Non diga que concrete. Nalgún momento terán que ceñirse á súa palabra, vostedes non parar de dicir que van cumprir o seu programa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non dixo o resultado de ningunha enquisa e polo que sabe e que despois do verán sairá outra. Esta ben que lea o programa do equipo de goberno. Vostede na súa moción da liña 6 a 10 sinala os temas que se levaban no programa e que están encauzados, programados. Vostede xa recoñece que na metade do mandato está feito o que ía no programa. Vostede critica o que se gasta en publicidade, pero como fai vostede para promocionar unha cousa senón a publicita.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

6º.-MOCION DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO MINISTERIO DE TRANSPORTE, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA, A CONCLUSION DOS TRABALLOS LICITADOS NA AUTOVIA A-76.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e oito abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal socialista, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (ESPERTA MONFORTE!) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“-Que o equipo de Goberno local inste ó goberno central e o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana a concluir os traballos de redacción de proxecto de construción do tramo Monforte Este-Babela da A-76 , e licitar as correspondentes obras á maior brevidade para continuar co impulso e que esta autopista sexa unha realidade.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que os do BNG non están en contra das infraestruturas. Primeiro di que eles non saben en que situación se atopan ese estudo, saben que chegar as eleccións viñeron a realizar unhas medicións pero non se sabe en que situacións se atopan, para votar en contra. Hai cousas que entende

que hai iniciativas para facer política de desgaste a un goberno. Para Monforte é tan perxudicial que governe o partido socialista no goberno. Fala dunha base de licitación de 856.000,00 € e agora vaise licitar por 500.000,00 €. Di que nos derradeiros meses de mandato houbo debate nos trazados, quere entender que se estará adaptando ás necesidades que ten para construír esa hipotética autovía. Di que hai prioridades, o arranxo actual da N-120, no caso do partido popular o enlace do porto seco coa N-120. As administracións teñen que facer as cousas independentemente de quén governe. Por qué non está concluído?.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que é imprescindible ter boas comunicacións, fala da complexidade, se equeremos unha Ribeira Sacra patrimonio da humanidade, ou se queremos unha autovía. Entenden que se está pedindo cousas boas para a cidade.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que hai 12 anos reuníronse para aprobar ao proxecto, non fixeron nada, non fixeron nada do ferrocarril, rescindiron o contrato da intermodal de Lugo. En relación coa A-76, solicitou o contrato, agora non veña a pedir aos demais o que vostedes non fixeron, dígalle ao ser. Feijoo que remate a conexión do porto seco, que devolva o canon da auga, deixe de vir aquí a calificar aos demais. Faga propostas útiles. Di que non van votar en contra de que se faga a obra van votar en contra do oportunismo.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que normalmente se quedan coas ofertas máis económicas. Di que a moción é clara, que presente un escrito para darlle un impulso ás obras. Di que non vai entrar a contestar sobre os comentarios da Xunta, aquí en Monforte o votaron o 50% dos cidadáns, en canto ao que se fixo no pasado por parte doutros grupos políticos, houbo un abandono da zona interior. O que piden que eses traballos sexan unha realidade. Di que a autovía Monforte – Lugo vai ser unha realidade. Xa que vostedes teñen oprotunidade de facer cousas no Sur de Lugo, teñen que ir ao pasado para defender a súa postura.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que isto é un xogo de tenis longo, esperando a ver se algún bota a pelota fora para ter o punto. Ás veces se cometen erros, non é poñerse duha banda ou doutra. Gustaríalle saber como está ese expediente, e a partir de aí, ter ferramentas en valor para poder votar. Aconsellouse retirar esta iniciativa que están aparecendo documentos que non é problema técnico, o tramo que vai dende expolemos, desde Bascós ata Distriz, un tramo que pode servir de circunvalación para Monforte, pero que ten uns condicionantes. Neste punto hai que ser cautos de cara ao futuro.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o Partido Popular quixeran esa autovía ou a propuxeran, teñen en actas dos empresarios da época, que cun terceiro carril era suficiente. Pepe Blanco foi quén o propuxo nun mitin no Daviña Rei, se nunca se empeza a falar e a facer propostas, o lembra moi ben, tratouse de tramitar rápidamente a declaración de impacto ambiental, a actual Xunta de Galicia puxo

todas as trabas, por parte do concelleiro de medio rural para que non se aprobara porque atravesaba a Serra da Lastra, non só non o fixeron senón que o impediron. No 2018 licitouse a contratación do proxecto. Agora mesmo hai a maior inversión de 546 millóns de euros en ferrocarril, son 70 contratos entre Ourense, Monforte – Lugo.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez concelleiro do Grupo Mixto (Esperta Monforte) e unha abstención do D. Emilio José Sánchez Iglesia concelleiro do Grupo Mixto (BNG).

Procédese á votación da inclusión por urxencia da aprobación definitiva da ordenanza municipal de tráfico e desestimación de alegacións con doce votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias concelleiro do Grupo Mixto (BNG) e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialistas e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez concelleiro do Grupo Mixto (Esperta Monforte).

7º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO E DESESTIMACIÓN ALEGACIÓN.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“ANTECEDENTES

1º.- Con data 26.04.2021 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública da Modificación da Ordenanza Municipal de Tráfico.

2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

3º.- Transcurrido o prazo de aportación de achegas, non se presentaron opinións por aqueles colectivos aos que ía dirixida a consulta.

4º.- En Sesión Ordinaria do Pleno de data 31/05/2021 acordouse:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, quedando redactados os artigos que se relacionan, na forma que, a continuación, se indica:



Artigo 23.- Procedemento de autorización de instalación de sinais de circulación

1. Os particulares e calquera entidade privada ou pública distinta do Concello de Monforte de Lemos que pretendan a instalación de sinais de circulación deberán presentar solicitude a este, na que constará o n.º e tipo de sinais a instalar, o lugar onde pretenden situalas así como os motivos que xustifiquen a súa petición e se esta ten carácter temporal ou permanente, quen resolverá a súa concesión ou denegación, requirindo previamente informe da Policía Local.

2. Unicamente se autorizarán sinais informativos de circulación. A súa concesión está suxeita a que, a criterio do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, teñan interese público e o custo de instalación e mantemento destes sinais será a cargo do beneficiario da autorización.

3. As concesións de dereitos de uso privativos, como vaos ou zonas reservadas que puidesen autorizarse en aplicación do previsto na presente ordenanza leva implícita a autorización de instalación da correspondente sinalización polo tempo de vixencia dos mesmos.

4. Exclúese do establecido neste artigo a sinalización de obras ou obstáculos na vía que se efectuará de acordo coa súa regulación específica.

5.- Medios técnicos para control do tráfico en acceso restrinxidos ou prohibidos.

O concello de Monforte de Lemos disporá, para a vixilancia e disciplina do tráfico e a constatación de determinadas condutas viarias como feitos constitutivos de infracción aos preceptos establecidos nas normas de tráfico e circulación de vehículos, de medios técnicos a través dos que se poida determinar a existencia da infracción e a identificación do vehículo.

Os instrumentos determinados para a captación de infraccións deberán cumprir cos requisitos que se establezcan legalmente.

A xestión das imaxes captadas por medios técnicos corresponderalle á Policía Local de Monforte de Lemos, sen prexuízo dos acordos aos que poida chegar o Concello en materia de trámite das denuncias que puidesen resultar, ou para a recadación das sancións que leven aparelladas, serán debidamente custodiadas e non se utilizaran para outros fins.

A instalación e uso de videocámaras e de calquer outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación,



vixilancia e disciplina do tráfico será acordada pola Alcaldía ou se é o caso, a Xunta de Goberno Local ou o/a concelleiro/a delegado/a. A Xestión dos datos e imaxes obtidas corresponderalle á Policía Local, para os fins previstos na normativa específica na materia e pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos. O concello poderá contratar a instalación e mantemento con empresas especializadas.

A disposición ou resolución, de ser o caso, que ordene a instalación e o uso dos dispositivos fixos de captación e reprodución identificará xenericamente as vías públicas ou os tramos daquelas cuxa imaxe sexa susceptible de ser captada, as medidas tendentes a garantir a preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade das gravacións ou rexistros obtidos, serán xestionados polo servizo da Policía Local, encargada da súa custodia, e da resolución das solicitudes de acceso e cancelación.

A utilización das videocámaras contempladas nesta disposición polas forzas e corpos de seguridade para fins distintos dos previstos nesta rexeráse polo disposto na Lei Orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos e no seu regulamento de desenvolvemento e execución.

Artigo 32.- Normas xerais

1. As bicicletas circularán polos espazos especificamente a elas destinados ou autorizados e cando estes non existan, obrigatoriamente pola calzada, permitíndose a circulación en paralelo salvo nos tramos de visibilidade reducida, estreitos ou afectados de alta densidade de tráfico.

Nas vías en que exista beiravía circularán pola da súa dereita se fose practicable.

Queda prohibida a súa circulación polas vías e espazos peonís.

2. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá crear espazos reservados para circulación exclusiva de bicicletas que se denominarán carrís bici e que se sinalizarán especificamente como tales.

As bicicletas que circulen por estes respectarán a sinalización, a ordenación do tránsito e as normas de prioridade de paso previstas para o resto de vehículos.

3. Nos espazos segregados do tráfico, parques, xardíns ou bosques, poderanse crear sendas ciclables, as cales terán que estar especificamente sinalizadas como tales e nelas as bicicletas poderán circular compartindo espazo cos peóns.



4. *Cando teñan que circular pola calzada, farano polo carril máis próximo á beirarrúa, excluídos os reservados ao transporte público (Carril Bus), podendo ocupar a parte central destes, e gozarán das prioridades de paso que teñen os vehículos segundo as vixentes normas de tránsito. No caso de xiro autorizado á esquerda os ciclistas poderán facer uso dos carrís de xiro que sexan procedentes.*

5. *Os peóns poderán cruzar os carrís bici, pero non os poderán ocupar nin camiñar sobre eles. Fóra dos pasos peonís convenientemente sinalizados, a preferencia de paso é das bicicletas.*

6. *Con carácter xeral, os ciclistas non poderán circular a velocidade superior aos 30 Km/h nas vías obxecto de regulación pola presente ordenanza. Quedan obrigados a respectar as limitacións inferiores, tanto xenéricas como específicas, que afecten á vía pola que circulen.*

7. *Os ciclistas poden circular en grupo cando o fagan pola calzada, nese caso consideraranse como unha única unidade móbil para os efectos de prioridade.*

Artigo 37.- Circulación de aparellos de mobilidade persoal específicos para desprazamento de persoas con discapacidade ou mobilidade reducida.

Os usuarios que por razóns de discapacidade ou por outras causas similares fagan uso de aparellos de mobilidade persoal, con ou sen motor, para realizar os seus desprazamentos, teñen a consideración peóns polo que o seu comportamento rexerese polas normas que afectan a estes.

Artigo 38.- Circulación de aparellos de mobilidade persoal e doutros tipos de enxeños mecánicos.

1. *Considerásense como tales aos enxeños mecánicos sen motor e aos de motor eléctrico como os patines eléctricos de calquera tipo, segways, e análogos, debidamente homologados e autorizados conforme á normativa vixente así como todos os que teñan a consideración legal de vehículos de mobilidade persoal. Exceptúanse os de uso infantil ou que podan ser considerados como xoguetes.*

2. *Os que utilicen monopatines, patines ou aparellos similares non poderán circular pola calzada nin polos espazos e rúas peonís, salvo que se trate de zonas, vías o partes de éstas que lles estén especialmente destinadas, e sólo poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas o polas rúas residenciais debidamente sinalizadas, sin que en ningún caso se permita que sexan arrastrados por outros vehículos. No seu tránsito deberán acomodar a súa marcha á dos*



peóns, evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo e en ningún caso gozarán de prioridade respecto de os peóns.

3. Todos os aparellos de mobilidade persoal e outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou aparellos similares, circularán polos espazos especificamente a elas destinados ou autorizados e cando estes non existan, obrigatoriamente pola calzada. Non poderán circular pola beirarrúa nin por rúas e espazos peonis e no seu tránsito deberán respectar a totalidade da sinalización que lles afecte así como calquera norma de comportamento na circulación e uso da vía prevista na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.

4. Ademáis da prohibición anterior, tampouco poderán circular polas vías que teñan a consideración de travesías nin polas vías interurbanas e autopistas e autovías que transcurran dentro de poblado, así como polos túneles urbanos.

5. Con estes aparellos de mobilidade persoal e enxeños mecánicos non se pode circular sobre o mobiliario urbano, tales como bancos, varandas ou similares, nin sendo arrastrados por outros vehículos.

Artigo 45.- Velocidades nas vías públicas

1. As velocidades máximas xenéricas a que se poderá circular en vías urbanas serán as seguintes:

a) 20 km/h en vías que dispoñan de plataforma única de calzada y beirarrúa.

b) 30 km/h en vías de un único carril por sentido de circulación.

c) 50 km/h en vías de dous ou máis carriles por sentido de circulación.

A estos efectos, os carriles reservados para a circulación de determinados usuarios ou uso exclusivo de transporte público no serán contabilizados.

2. As velocidades xenéricas establecidas poderán ser rebaixadas previa sinalización específica, pola Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.

3. Excepcionalmente, a Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá aumentar a velocidade en vías de un único carril por sentido hasta una velocidad máxima de 50 km/h, previa sinalización específica.

4. Nas vías urbanas vías de dous ou máis carriles por sentido de circulación e nas travesías, os vehículos que transporten mercancías perigosas circularán como máximo a 40 km/h.



5. O límite xenérico de velocidade en travesías é de 50 km/h para todo tipo de vehículos. Este límite poderá ser rebaixado por acordo da Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico co titular da vía, previa sinalización específica.

6. O límite xenérico de velocidade en autopistas e autovías que transcurren dentro de poblado será de 80 km/h, non obstante poderá ser ampliado por acordo da Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e o titular da vía, previa sinalización específica, sin rebasar en ningún caso os límites xenéricos establecidos para ditas vías fora de poboado.

7. A Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e os titulares da vía poderán adoptar as medidas necesarias para lograr o calmado do tráfico e facilitar a percepción dos límites de velocidade establecidos.

8. O límite xenérico de velocidade para os ciclos e bicicletas que será de 30 km/h, debendo respetar calquera límite fixado por sinalización máis restrictiva.

9. Por razóns de seguridade viaria, medio ambientais, de mobilidade e uso poderanse establecer límites inferiores nas vías ou zonas que a autoridade municipal estime procedente, sendo estes prevalentes sobre o xenérico establecido no punto anterior.

10. Prohíbese realizar competicións de velocidade nas vías públicas ou de uso público, salvo que, con carácter excepcional ou deportivo, se autorizasen polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e sexan pechadas ao tráfico doutros usuarios.

11. A Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico será a responsable de de fixar as limitacións de velocidade nas vías interurbanas das que sexa titular, así como de instalar a correspondente sinalización, sempre de acordo coa normativa contida na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.

Artigo 49.- Zona peonil

1. Son zonas peonís aquelas vías ou zonas públicas que se destinen a uso exclusivo dos peóns prohibindo para iso o estacionamento e a circulación de vehículos, quedando unicamente autorizada a entrada e circulación de forma excepcional aos seguintes:

a) Os do servizo de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e os destinados ao mantemento ou a prestación de servizos públicos municipais, incluídos os de empresas concesionarias dos mesmos.



- b) Os que trasladen ou asistan a enfermos ou persoas con mobilidade reducida con domicilio dentro do área ou zona peonil.*
 - c) Os de servizo público que trasladen aos hóspedes de hoteis e residencias de anciáns situados dentro do área ou zona peonil.*
 - d) Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados dentro da área ou zona peonil.*
 - e) Os taxis para recollida de clientes en domicilios dentro da área ou zona peonil.*
 - f) Os vehículos tipo furgoneta ou vehículo mixto adaptable, con M.M.A. non superior a 2.000 kg para o reparto de comestibles, prensa, mensaxería e paquetería ou similares, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.*
 - g) Os que abastezan combustibles a edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.*
 - h) Os que abastezan materiais, retiren residuos ou presten servizos na construción, rehabilitación ou mantemento de edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil.*
 - i) Os especificamente autorizados tras solicitude motivada que esixa o uso de vehículos para o transporte de bens ou a prestación de servizos.*
 - j) Os que trasladen materiais ou presten servizos en dependencias municipais e os adscritos o servizo de entidades públicas de carácter oficial situadas dentro da área ou zona peonil, ata un máximo de dous ao mesmo tempo por cada dependencia ou entidade.*
- 2. As vías peonís actuais do Concello de Monforte de Lemos son as que se relacionan no Anexo I-B da presente ordenanza.*
- 3. O Concello dentro das súas competencias de ordenación, control do tráfico e uso das vías públicas da súa titularidade poderá establecer outras vías ou zonas peonís.*

Artigo 50.- Autorizacións

- 1. Os vehículos comprendidos nos puntos a), b), c), d), e), f) e g) do punto 1 do artigo 49, dentro do exercicio das súas funcións, e do horario expresamente autorizado no seu caso, non precisan autorización previa para acceder e circular polas zonas peonís.*
- 2. O acceso dos comprendidos nos puntos f) e g) fora do horario establecido como de acceso libre e nos puntos h) e i) do artigo anterior queda suxeito ao réxime de autorización previa que se tramitará mediante solicitude dirixida ao concello polo promotor ou polo contratista da obra ou polo titular do vehículo ou vehículos cuxo acceso se pretenda, e que tras informe da Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico resolverá.*
- 3. Os vehículos con acceso autorizado a zonas peonís non poderán permanecer estacionados nestas salvo o tempo necesario para a*

realización das actividades cuxa execución xustifica e ampara o seu acceso.

Realizarán a súa circulación e estacionamento na forma que menos prexudiquen ou molesten ao resto dos usuarios, en especial aos peóns e a velocidade adecuada ás circunstancias da vía e nunca superior a 20 km/h.

ANEXO II - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS do Artigo 32,

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	032	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Circular cunha bicicleta pola beirarrúa.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	1	1B	0	Leve Art.128 c)	Circular cunha bicicleta por unha rúa ou espazo peonil.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	1	1C	0	Grave Art.129 c)	Circular cunha bicicleta pola beiravía da esquerda.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	032	1	1 D	0	Grave Art.129 c)	Circular cunha bicicleta pola calzada existindo beiravía do seu lado dereito practicable.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	032	4	4A	0	Leve Art.128 c)	Circular cun ciclo ou bicicleta sen facelo polo carril máis próximo á beirarrúa.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	4	4B	0	Leve Art.128 c)	Circular cun ciclo ou bicicleta invadindo un carril ou zona reservada ao transporte público.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	5	5A	0	Leve Art.128 c)	Circular un peón sobre un carril -bici.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	5	5B	0	Leve Art.128 c)	Non ceder o peón a preferencia de paso ás bicicletas nun carril- bici fóra de paso de peóns sinalizado.	80,00 € 40,00 €

ANEXO II - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS do Artigo 38.

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	038	2	2A	0	Leve Art.128 c)	Circular pola calzada sobre un monopatín, patín ou aparello similar sen causa xustificada. Deberá indicarse o aparello utilizado.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	2	2B	0	Leve Art.128 c)	Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar por un espazo ou rúa peonil. Deberá indicarse o aparello utilizado.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	2	2C	0	Leve Art.128 c)	Circular sobre un monopatín,	80,00 €



						<i>patín ou aparello similar sen acomodarse á marcha dos peóns (sempre que non constitúa perigo para os demais usuarios). Deberá indicarse o aparello utilizado.</i>	40,00 €
O.M.C.	038	2	2D	0	Grave Art.129 c)	<i>Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar sen acomodarse á marcha dos peóns constituindo perigo para os demais usuarios. Deberá indicarse o aparello utilizado e o perigo creado.</i>	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	038	2	2E	0	Leve Art.128 c)	<i>Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar sendo arrastrado por outro vehículo. Deberá indicarse o aparello utilizado.</i>	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	3	3A	0	Leve Art.128 c)	<i>Circular con un aparello de mobilidade persoal ou outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou similares, por espazo distinto do especificamente a eles destinado ou autorizado, ou da calzada. Deberá indicarse o lugar polo que circula.</i>	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	3	3B	0	Leve Art.128 c)	<i>Circular con un aparello de mobilidade persoal ou outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou similares pola calzada, existindo espazo especificamente a eles destinado ou autorizado.</i>	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	4	4A	0	Leve Art.128 c)	<i>Circular con un aparello de mobilidade persoal ou outros tipos de enxeños mecánicos por vías que teñan a consideración de travesías, vías interurbanas e autopistas e autovías que transcurran dentro de poblado, así como polos túneles urbanos</i>	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	5	5A	0	Leve Art.128 c)	<i>Circular sobre o mobiliario urbano cun aparello de mobilidade persoal, monopatín, patín ou aparello similar (deberá indicarse o aparello utilizado).</i>	80,00 € 40,00 €

SEGUNDO.- De acordo co disposto no art. 49 b) LRBRL, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación.

TERCEIRO.- Dispoñer que, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.”

5.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 129 de data 9 de xuño de 2021, inseriuse anuncio relativo á exposición pública da citada modificación da ordenanza de tráfico.

6.- O 20/07/2021 con RE 13391 e 13392 teñen entrada alegacións contra a aprobación inicial que nos ocupa, suscritas por Dona María do Carme Raices Madriñan e dona Marina Raices Madriñan.

7.- Obran no expediente informes do oficial xefe accidental da Policía Local nº 357 e 359 de data 22/07/2021, do seguinte tenor literal:

“Nº 357/2021

ASUNTO: INFORME SOBRE ALEGACIONES Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.

En relación ao contido das reclamacións e suxerencias formuladas por Dna. MARÍA DO CARME MADRIÑÁN RAICES, con NIF 34255943L, en escrito de data 20-07-2021 con rexistro de entrada nº 2021/00011391, e de Dna. MARINA RAÍCES MADRIÑÁN, con NIF 34254271A, en escrito de data 20-07-2021 con rexistro de entrada nº 2021/00011392, en uso do disposto no artigo 49. b) da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, sobre a modificación da Ordenanza Municipal de Tráfico deste Concello aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 31 de maio de 2021 e publicada a súa exposición ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados no B.O.P. da provincia de Lugo nº 129 de data 09 de xuño de 2021, comunico a Vd., de forma única para ambas á vista da exactitude textual do contido e pretensións que obran nos seos escritos, que por esta xefatura accidental infórmanse negativamente as suxerencias propostas por ambas recurrentes polos seguintes motivos:

Primeiro.

En novembro de 2020 publicouse o Real Decreto 970/2020, do 10 de novembro, polo que se modifican o Regulamento Xeral de Circulación, aprobado por Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro e o Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro, en materia de normas de tráfico urbano que afectaron directamente a diversos artigos da mencionada Ordenanza

Municipal de Tráfico, entre os que destacan a redución dos límites de velocidade en poboado e a prohibición da circulación de vehículos de mobilidade persoal por beirarrúas ou espazos peonís, cuxo contido pasou a ser contrario ao establecido pola nova norma a partir da entrada en vigor desta.

Por iso e en aplicación do principio de xerarquía normativa, recoñecido pola Constitución Española de 1978 no seu artigo 9.3 e regulado no Código Civil aprobado por Decreto do 24 de xullo de 1889, nos seus artigos 1 e seguintes, que establece que ningunha norma de rango inferior pode ser contraria a outra de rango superior, esta Policía Local con data 12 de abril de 2021 formulou a proposta de nova redacción da norma local para a súa adaptación ao novo marco legal, a cal supuxo o inicio do proceso de modificación da mesma agora en curso.

Esta proposta de modificación, fóra da ampliación do contido do artigo 23 -que regula o procedemento de autorización de instalación de sinais de circulación- no sentido de regular e dar cobertura legal á instalación dos medios técnicos para o control do tráfico en puntos de acceso restrinxido ou prohibido (videovixilancia), cuxa inclusión neste momento está motivada pola urxencia de dotar a diversas zonas do centro urbano de sistemas deste tipo para levar a cabo coa máxima efectividade os labores de vixilancia e control de tráfico en zonas sensibles como as áreas peonís, incluíu exclusivamente os artigos, ou partes dos mesmos, en que se produciu algunha contradición entre o seu contido anterior e o establecido pola nova norma antes citada.

En consecuencia, considérase que as reclamacións e suxerencias presentadas polas persoas que recorren, non se formulan contra o texto da modificación ou os artigos, ou apartados dos mesmos, que se modifican, senón que o son contra o contido xeral da norma en materias que neste momento non son obxecto de reforma nin teñen relación con esta, e sobre as que no momento da súa aprobación non interpuxeron ningún tipo de reclamación nin suxerencia tal como quedou documentado na publicación do BOP da Provincia de Lugo nº 225 do 29 de setembro de 2016, segundo reproducése a continuación:

“10 Núm. 225 – Xoves, 29 de Setembro de 2016 B.O.P de Lugo

R. 2857

Anuncio

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal de tráfico do Concello de Monforte de Lemos

Aprobada definitivamente a ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, por aplicación do art. 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ao non presentarse, no prazo de información pública, ningunha reclamación ou sugestión respecto a aprobación inicial polo Pleno municipal en sesión do 26 de xullo de 2016, procédese á súa publicación no B.O.P., segundo o disposto no art. 70.2 da Lei citada”.

Segundo.

Con independencia do anterior, as dúas suxerencias propostas polas persoas que reclaman tampouco se consideran adecuadas para a súa incorporación ao texto da ordenanza polas seguintes causas:

A primeira, que pide o engadido de “os vehículos de turismo” ao apartado f) do artigo 49 -o cal textualmente di “f) Vos vehículos tipo furgoneta ou vehículo mixto adaptable, con M. M.A. non superior a 2.000 kg para ou repartición de comestibles, prensa, mensaxería e paquetería ou similares, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá”- non se considera viable por motivo de que este apartado ten como finalidade dar cobertura ás necesidades de “repartición de comestibles, prensa, mensaxería e paquetería ou similares”, actividades que non poden ser levadas a cabo con turismos xa que estes por definición contida no ANEXO I do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria, son os “automóbiles destinados ao transporte de persoas que teñan, polo menos, catro rodas e que teñan, ademais do asento do condutor, oito prazas como máximo”, e por tanto o seu uso como vehículo de repartición non está legalmente permitido.

A segunda, que propón o engadido dun apartado máis ao citado art. 49 co texto “Os vehículos dos propietarios ou posuidores de vivendas, garaxes ou locais comerciais, poderán ser estacionados preto do seu inmovible para realizar operacións de carga e descarga domésticas (baixar ou recoller equipaxe ou compras de comida ou artigos de primeira necesidade) durante non máis de 5 minutos”, non se considera procedente polo incremento de tráfico que supón nunha zona na que este debe ser reducido ao mínimo imprescindible polos motivos xa expostos en informe anterior desta Policía Local de data 15 de febreiro de 2021 (rex. entrada 2021/00003072) respecto a solicitude de igual contido que a pretensión actual e que se concretan nos seguintes:

a) A zona peonil está integrada por rúas nas que se concentran un gran número de establecementos comerciais, bancarios e de hostalería, incluíndo as terrazas destes últimos instaladas no espazo público, sendo por tanto unha zona de elevada afluencia de persoas que van facer uso da mesma partindo da inexistencia de vehículos, de forma que a circulación destes constitúe un elemento non previsto nin previsto xerando un importante risco de atropelo. Por elo, as autorizacións de acceso deben comprender exclusivamente aqueles casos en que non exista outra alternativa.

b) Salvo a rúa Dr. Teixeira, no tramo entre rúa Julio Camba e Praza de Abastos, en todas as demais e con especial intensidade en rúa Cardeal, atópanse instaladas terrazas de bares e cafeterías o que fai que estes espazos convértanse en zonas de lecer e esparexemento e de xogos para os menores, o que é totalmente incompatible con circulación de vehículos, por escasa que esta sexa.

c) Segundo datos da D. X. T., en 2019 faleceron en vías urbanas españolas 519 persoas, un 6% máis que o ano anterior. O 82% destas mortes nas cidades eran de usuarios vulnerables: 247 peóns, 148 motoristas e 32 ciclistas. Consecuencia delo é a necesidade de restrinxir tanto como sexa posible as situacións de risco.

d) O paso de vehículos e unha actividade xeradora de contaminación, tanto acústica como pola expulsión de gases de combustión e outros contaminantes, polo que debe ser reducida o mínimo imprescindible na proximidade das persoas e das actividades en que se manexen ou sirvan alimentos e bebidas, como é o caso das terrazas de hostalería existentes na práctica totalidade das rúas peonís desta cidade.

e) As rúas peonís da cidade son rúas estreitas no seu maior parte, de forma que o paso de vehículos tense que facer a demasiada proximidade dos peóns, sen que quede un mínimo espazo para estes en tramos como o de Dr. Teijeiro comprendido entre a Praza de Abastos e a Praza de España, debendo en ocasións apartarse nos portais ou entradas de establecementos comerciais.

f) A zona peonil desta cidade atópase constituída por rúas de escasa lonxitude e con posibilidade de estacionamento nas proximidades. Especialmente cabe lembrar que o aparcamento do Parque dos Condes atópase a unha distancia duns 400 metros da Praza de España e a zona do Paseo do Malecón, que dispón igualmente dun número de prazas de estacionamento considerable, aínda máis próxima, polo que a limitación de acceso con vehículos á mesma non supón prexuízos maiores dos que ten calquera residente do centro da cidade nas rúas en que exista prohibición de estacionamento diante do seo domicilio, como pode ser Av. Galicia desde o inicio ata o cruce con Rúa Cardeal ou Roberto Baamonde ata a Praza do Piñeiro.

g) En relación á carga e descarga para os negocios, en toda a zona centro están previstas diversas zonas de reserva para vehículos comerciais que realicen este tipo de labores, todas elas a talla distancia unhas doutras e próximas á zona peonil polo que as necesidades de espazo reservado para estas tarefas atópanse cubertas na actualidade.

h) Por último, compre ter en conta que nas rúas peonís do Concello de Monforte de Lemos non existe unha prohibición absoluta de acceso de vehículos, nin para os residentes nin para os labores de carga e descarga e outros servizos ou necesidades. Tal como figura regulado na Ordenanza Municipal de Circulación, hai ata once tipos de vehículos ou casos en que se permite a entrada, circulación e estacionamento, entre os que compre apuntar os “vehículos tipo furgoneta ou vehículo mixto adaptable, con M. M. A. non superior a 2.000 kg para o repárto de comestibles, prensa, mensaxería e paquetería ou similares, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá”, (apartado f) do artigo 49), e “Os especificamente autorizados tras solicitude motivada que esixa o uso de vehículos para transporte de bens ou a prestación de servizos” (apartado i) do artigo 49), cuxo contido completo, incluíndo as modificacións en tramitación, reprodúcese a continuación:

“ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO

Artigo -49- Zona peonil

1. Son zonas peonís aquelas vías ou zonas públicas que se destinen a uso exclusivo dos peóns prohibindo para iso o estacionamento e a circulación de vehículos, quedando unicamente autorizada a entrada e circulación de forma excepcional aos seguintes:

a) Os do servizo de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e os destinados ao mantemento ou a prestación de servizos públicos municipais, incluídos os de empresas concesionarias dos mesmos.

b) Os que trasladen ou asistan a enfermos ou persoas con mobilidade reducida con domicilio dentro da área ou zona #peonil.

c) Os de servizo público que trasladen aos hóspedes de hoteis e residencias de anciáns situados dentro da área ou zona peonil.

d) Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados dentro da área ou zona peonil.

e) Os taxis para recollida de clientes en domicilios dentro da área ou zona peonil.

f) Os vehículos tipo furgoneta ou vehículo mixto adaptable, con M.M.A. non superior a 2.000 kg para o repárto de comestibles, prensa, mensaxería e paquetería ou similares, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.

g) Os que abastezan combustibles a edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.

h) Os que abastezan materiais, retiren residuos ou presten servizos na construción, rehabilitación ou mantemento de edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil.

i) Os especificamente autorizados tras solicitude motivada que esixa o uso de vehículos para o transporte de bens ou a prestación de servizos.

j) Os que trasladen materiais ou presten servizos en dependencias municipais e os adscritos o servizo de entidades públicas de carácter oficial situadas dentro da área ou zona peonil, ata un máximo de dous ao mesmo tempo por cada dependencia ou entidade”.

“Nº 359/2021

ASUNTO: URXENCIA DE TAMITACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.

Por motivo da adaptación da Ordenanza Municipal de Tráfico deste Concello á nova normativa estatal establecida Real Decreto 970/2020, do 10 de novembro, polo que se modifican o Regulamento Xeral de Circulación, aprobado por Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro e o Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro, así como da necesidade de dotar dun marco normativo a instalación dos medios técnicos para o control do tráfico en puntos de acceso restrinxido ou prohibido (videovixilancia), esta Policía Local fixo a correspondente proposta de modificación o día 12 de abril de 2021, sendo tramitada a continuación e logo da aprobación polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 31 de maio, foi publicada a súa exposición ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados no B.O.P. da provincia de Lugo nº 129 de data 09 de xuño de 2021.

Con data 20 de xullo de 2021, xa no remate do prazo establecido a estos efectos, foron rexistradas sendas reclamacións e suxerencias presentadas por dúas persoas, sobre as que esta Policía Local emitíu informe o día 21 de xullo do presente ano, rexistro de entrada nº 2021/00011445.

Á vista de que a presentación de ditas reclamacións fai que a entrada en vigor da modificación da Ordenanza non sexa automática e requira a resolución previa das mesmas, comunico a Vd. a necesidade da realización dos trámites correspondentes coa maior prontitude posible polos seguintes motivos:

Primeiro. A entrada en vigor das modificacións establecidas polo citado Real Decreto 970/2020, do 10 de novembro foi no mes de maio deste ano de forma que desde ese momento o texto da Ordenanza Municipal está en contradicción coa legalidade vixente polo que urxe a súa adaptación á normativa.

Segundo. Considérase igualmente urxente a instalación de sistemas de control mediante dispositivos de videovixilancia para levar a cabo coa máxima efectividade os labores de vixilancia e control de tráfico en zonas sensibles como as áreas peonís, a cal non se pode tramitar ata a disposición da normativa legal que ampare esta dotación."

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Visto o contido dos informes do oficial xefe accidental da Policía Local, nos que se xustifica a urxencia da aprobación da modificación da ordenanza que nos ocupa e se propón desestimar as alegacións formuladas.

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- De acordo co a disposto no artigo 82.3 do ROF, por razóns de urxencia debidamente motivadas no expediente, incluír no orde do día do pleno ordinario de 26 de xullo do 2021 o seguinte punto:

DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DONA MARIA DO CARME RAICES MADRIÑAN E DONA MARINA RAICES MADRIÑAN CONTRA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TRÁFICO E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TRÁFICO.

SEGUNDO.- DESESTIMAR AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DONA MARIA DO CARME RAICES MADRIÑAN E DONA MARINA RAICES MADRIÑAN CONTRA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TRÁFICO polos motivos expostos no informe do oficial xefe accidental da Policía Local.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, quedando redactados os artigos que se relacionan, na forma que, a continuación, se indica:

Artigo 23.- Procedemento de autorización de instalación de sinais de circulación

1. Os particulares e calquera entidade privada ou pública distinta do Concello de Monforte de Lemos que pretendan a instalación de sinais de circulación deberán presentar solicitude a este, na que constará o n.º e tipo de sinais a instalar, o lugar onde pretenden situalas así como os motivos que xustifiquen a súa petición e se esta ten carácter temporal ou permanente, quen resolverá a súa concesión ou denegación, requirindo previamente informe da Policía Local.

2. Unicamente se autorizarán sinais informativos de circulación. A súa concesión está suxeita a que, a criterio do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, teñan interese público e o custo de instalación e mantemento destes sinais será a cargo do beneficiario da autorización.

3. As concesións de dereitos de uso privativos, como vaos ou zonas reservadas que puidesen autorizarse en aplicación do previsto na presente ordenanza leva implícita a autorización de instalación da correspondente sinalización polo tempo de vixencia dos mesmos.

4. Exclúese do establecido neste artigo a sinalización de obras ou obstáculos na vía que se efectuará de acordo coa súa regulación específica.



5.- Medios técnicos para control do tráfico en acceso restrinxidos ou prohibidos.

O concello de Monforte de Lemos disporá, para a vixilancia e disciplina do tráfico e a constatación de determinadas condutas viarias como feitos constitutivos de infracción aos preceptos establecidos nas normas de tráfico e circulación de vehículos, de medios técnicos a través dos que se poida determinar a existencia da infracción e a identificación do vehículo.

Os instrumentos determinados para a captación de infraccións deberán cumprir cos requisitos que se establezcan legalmente.

A xestión das imaxes captadas por medios técnicos corresponderalle á Policía Local de Monforte de Lemos, sen prexuízo dos acordos aos que poida chegar o Concello en materia de trámite das denuncias que puidesen resultar, ou para a recadación das sancións que leven aparelladas, serán debidamente custodiadas e non se utilizaran para outros fins.

A instalación e uso de videocámaras e de calquer outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico será acordada pola Alcaldía ou se é o caso, a Xunta de Goberno Local ou o/a concelleiro/a delegado/a. A Xestión dos datos e imaxes obtidas corresponderalle á Policía Local, para os fins previstos na normativa específica na materia e pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos. O concello poderá contratar a instalación e mantemento con empresas especializadas.

A disposición ou resolución, de ser o caso, que ordene a instalación e o uso dos dispositivos fixos de captación e reprodución identificará xenericamente as vías públicas ou os tramos daquelas cuxa imaxe sexa susceptible de ser captada, as medidas tendentes a garantir a preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade das gravacións ou rexistros obtidos, serán xestionados polo servizo da Policía Local, encargada da súa custodia, e da resolución das solicitudes de acceso e cancelación.

A utilización das videocámaras contempladas nesta disposición polas forzas e corpos de seguridade para fins distintos dos previstos nesta rexeráse polo disposto na Lei Orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos e no seu regulamento de desenvolvemento e execución.

Artigo 32.- Normas xerais

1. As bicicletas circularán polos espazos especificamente a elas destinados ou autorizados e cando estes non existan, obrigatoriamente pola calzada, permitíndose a circulación en paralelo salvo nos tramos



de visibilidade reducida, estreitos ou afectados de alta densidade de tráfico.

Nas vías en que exista beiravía circularán pola da súa dereita se fose practicable.

Queda prohibida a súa circulación polas vías e espazos peonís.

2. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá crear espazos reservados para circulación exclusiva de bicicletas que se denominarán carrís bici e que se sinalizarán especificamente como tales.

As bicicletas que circulen por estes respectarán a sinalización, a ordenación do tránsito e as normas de prioridade de paso previstas para o resto de vehículos.

3. Nos espazos segregados do tráfico, parques, xardíns ou bosques, poderanse crear sendas ciclables, as cales terán que estar especificamente sinalizadas como tales e nelas as bicicletas poderán circular compartindo espazo cos peóns.

4. Cando teñan que circular pola calzada, farano polo carril máis próximo á beirarrúa, excluídos os reservados ao transporte público (Carril Bus), podendo ocupar a parte central destes, e gozarán das prioridades de paso que teñen os vehículos segundo as vixentes normas de tránsito. No caso de xiro autorizado á esquerda os ciclistas poderán facer uso dos carrís de xiro que sexan procedentes.

5. Os peóns poderán cruzar os carrís bici, pero non os poderán ocupar nin camiñar sobre eles. Fóra dos pasos peonís convenientemente sinalizados, a preferencia de paso é das bicicletas.

6. Con carácter xeral, os ciclistas non poderán circular a velocidade superior aos 30 Km/h nas vías obxecto de regulación pola presente ordenanza. Quedan obrigados a respectar as limitacións inferiores, tanto xenéricas como específicas, que afecten á vía pola que circulen.

7. Os ciclistas poden circular en grupo cando o fagan pola calzada, nese caso consideraranse como unha única unidade móbil para os efectos de prioridade.

Artigo 37.- Circulación de aparellos de mobilidade persoal específicos para desprazamento de persoas con discapacidade ou mobilidade reducida.

Os usuarios que por razóns de discapacidade ou por outras causas similares fagan uso de aparellos de mobilidade persoal, con ou sen motor, para realizar os seus desprazamentos, teñen a consideración peóns polo que o seu comportamento rexerese polas normas que afectan a estes.



Artigo 38.- Circulación de aparellos de mobilidade persoal e doutros tipos de enxeños mecánicos.

1. Considerásense como tales aos enxeños mecánicos sen motor e aos de motor eléctrico como os patines eléctricos de calquera tipo, segways, e análogos, debidamente homologados e autorizados conforme á normativa vixente así como todos os que teñan a consideración legal de vehículos de mobilidade persoal. Exceptúanse os de uso infantil ou que podan ser considerados como xoguetes.

2. Os que utilicen monopatines, patines ou aparellos similares non poderán circular pola calzada nin polos espazos e rúas peonís, salvo que se trate de zonas, vías o partes de éstas que lles estén especialmente destinadas, e sólo poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas o polas rúas residenciais debidamente sinalizadas, sin que en ningún caso se permita que sexan arrastrados por outros vehículos. No seu tránsito deberán acomodar a súa marcha á dos peóns, evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo e en ningún caso gozarán de prioridade respecto de os peóns.

3. Todos os aparellos de mobilidade persoal e outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou aparellos similares, circularán polos espazos especificamente a elas destinados ou autorizados e cando estes non existan, obrigatoriamente pola calzada. Non poderán circular pola beirarrúa nin por rúas e espazos peonís e no seu tránsito deberán respectar a totalidade da sinalización que lles afecte así como calquera norma de comportamento na circulación e uso da vía prevista na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.

4. Ademáis da prohibición anterior, tampouco poderán circular polas vías que teñan a consideración de travesías nin polas vías interurbanas e autopistas e autovías que transcurran dentro de poblado, así como polos túneles urbanos.

5. Con estes aparellos de mobilidade persoal e enxeños mecánicos non se pode circular sobre o mobiliario urbano, tales como bancos, varandas ou similares, nin sendo arrastrados por outros vehículos.

Artigo 45.- Velocidades nas vías públicas

1. As velocidades máximas xenéricas a que se poderá circular en vías urbanas serán as seguintes:

a) 20 km/h en vías que dispoñan de plataforma única de calzada y beirarrúa.

b) 30 km/h en vías de un único carril por sentido de circulación.

c) 50 km/h en vías de dous ou máis carriles por sentido de circulación.



A estos efectos, os carriles reservados para a circulación de determinados usuarios ou uso exclusivo de transporte público no serán contabilizados.

2. As velocidades xenéricas establecidas poderán ser rebaixadas previa sinalización específica, pola Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.

3. Excepcionalmente, a Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá aumentar a velocidade en vías de un único carril por sentido hasta una velocidad máxima de 50 km/h, previa sinalización específica.

4. Nas vías urbanas vías de dous ou máis carriles por sentido de circulación e nas travesías, os vehículos que transporten mercancías perigosas circularán como máximo a 40 km/h.

5. O límite xenérico de velocidade en travesías é de 50 km/h para todo tipo de vehículos. Este límite poderá ser rebaixado por acordo da Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico co titular da vía, previa sinalización específica.

6. O límite xenérico de velocidade en autopistas e autovías que transcurren dentro de poblado será de 80 km/h, non obstante poderá ser ampliado por acordo da Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e o titular da vía, previa sinalización específica, sin rebasar en ningún caso os límites xenéricos establecidos para ditas vías fora de poboado.

7. A Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e os titulares da vía poderán adoptar as medidas necesarias para lograr o calmado do tráfico e facilitar a percepción dos límites de velocidade establecidos.

8. O límite xenérico de velocidade para os ciclos e bicicletas que será de 30 km/h, debendo respetar calquera límite fixado por sinalización máis restrictiva.

9. Por razóns de seguridade viaria, medio ambientais, de mobilidade e uso poderanse establecer límites inferiores nas vías ou zonas que a autoridade municipal estime procedente, sendo estes prevalentes sobre o xenérico establecido no punto anterior.

10. Prohíbese realizar competicións de velocidade nas vías públicas ou de uso público, salvo que, con carácter excepcional ou deportivo, se autorizasen polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e sexan pechadas ao tráfico doutros usuarios.

11. A Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico será a responsable de de fixar as limitacións de velocidade nas vías interurbanas das que sexa titular, así como de



instalar a correspondente sinalización, sempre de acordo coa normativa contida na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.

Artigo 49.- Zona peonil

1. Son zonas peonís aquelas vías ou zonas públicas que se destinen a uso exclusivo dos peóns prohibindo para iso o estacionamento e a circulación de vehículos, quedando unicamente autorizada a entrada e circulación de forma excepcional aos seguintes:

a) Os do servizo de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e os destinados ao mantemento ou a prestación de servizos públicos municipais, incluídos os de empresas concesionarias dos mesmos.

b) Os que trasladen ou asistan a enfermos ou persoas con mobilidade reducida con domicilio dentro do área ou zona peonil.

c) Os de servizo público que trasladen aos hóspedes de hoteis e residencias de anciáns situados dentro do área ou zona peonil.

d) Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados dentro da área ou zona peonil.

e) Os taxis para recollida de clientes en domicilios dentro da área ou zona peonil.

f) Os vehículos tipo furgoneta ou vehículo mixto adaptable, con M.M.A. non superior a 2.000 kg para o reparto de comestibles, prensa, mensaxería e paquetería ou similares, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.

g) Os que abastezan combustibles a edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.

h) Os que abastezan materiais, retiren residuos ou presten servizos na construción, rehabilitación ou mantemento de edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil.

i) Os especificamente autorizados tras solicitude motivada que esixa o uso de vehículos para o transporte de bens ou a prestación de servizos.

j) Os que trasladen materiais ou presten servizos en dependencias municipais e os adscritos o servizo de entidades públicas de carácter oficial situadas dentro da área ou zona peonil, ata un máximo de dous ao mesmo tempo por cada dependencia ou entidade.

2. As vías peonís actuais do Concello de Monforte de Lemos son as que se relacionan no Anexo I-B da presente ordenanza.

3. O Concello dentro das súas competencias de ordenación, control do tráfico e uso das vías públicas da súa titularidade poderá establecer outras vías ou zonas peonís.

Artigo 50.- Autorizacións

1. Os vehículos comprendidos nos puntos a), b), c), d), e), f) e g) do punto 1 do artigo 49, dentro do exercicio das súas funcións, e do horario expresamente autorizado no seu caso, non precisan autorización previa para acceder e circular polas zonas peonís.

2. O acceso dos comprendidos nos puntos f) e g) fora do horario establecido como de acceso libre e nos puntos h) e i) do artigo anterior queda suxeito ao réxime de autorización previa que se tramitará mediante solicitude dirixida ao concello polo promotor ou polo contratista da obra ou polo titular do vehículo ou vehículos cuxo acceso se pretenda, e que tras informe da Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico resolverá.

3. Os vehículos con acceso autorizado a zonas peonís non poderán permanecer estacionados nestas salvo o tempo necesario para a realización das actividades cuxa execución xustifica e ampara o seu acceso.

Realizarán a súa circulación e estacionamento na forma que menos prexudiquen ou molesten ao resto dos usuarios, en especial aos peóns e a velocidade adecuada ás circunstancias da vía e nunca superior a 20 km/h.

ANEXO II - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS do Artigo 32,

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	032	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Circular cunha bicicleta pola beirarrúa.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	1	1B	0	Leve Art.128 c)	Circular cunha bicicleta por unha rúa ou espazo peonil.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	1	1C	0	Grave Art.129 c)	Circular cunha bicicleta pola beiravía da esquerda.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	032	1	1 D	0	Grave Art.129 c)	Circular cunha bicicleta pola calzada existindo beiravía do seu lado dereito practicable.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	032	4	4A	0	Leve Art.128 c)	Circular cun ciclo ou bicicleta sen facelo polo carril máis próximo á beirarrúa.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	4	4B	0	Leve Art.128 c)	Circular cun ciclo ou bicicleta invadindo un carril ou zona reservada ao transporte público.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	5	5A	0	Leve Art.128 c)	Circular un peón sobre un carril -bici.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	5	5B	0	Leve Art.128 c)	Non ceder o peón a preferencia de paso ás bicicletas nun carril- bici fóra de paso de peóns sinalizado.	80,00 € 40,00 €

ANEXO II - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS do Artigo 38.



NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE RED.	IMP.
O.M.C.	038	2	2A	0	Leve Art.128 c)	Circular pola calzada sobre un monopatín, patín ou aparello similar sen causa xustificada. Deberá indicarse o aparello utilizado.	80,00 € 40,00 €	
O.M.C.	038	2	2B	0	Leve Art.128 c)	Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar por un espazo ou rúa peonil. Deberá indicarse o aparello utilizado.	80,00 € 40,00 €	
O.M.C.	038	2	2C	0	Leve Art.128 c)	Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar sen acomodarse á marcha dos peóns (sempre que non constitúa perigo para os demais usuarios). Deberá indicarse o aparello utilizado.	80,00 € 40,00 €	
O.M.C.	038	2	2D	0	Grave Art.129 c)	Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar sen acomodarse á marcha dos peóns constituindo perigo para os demais usuarios. Deberá indicarse o aparello utilizado e o perigo creado.	200,00 € 100,00 €	
O.M.C.	038	2	2E	0	Leve Art.128 c)	Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar sendo arrastrado por outro vehículo. Deberá indicarse o aparello utilizado.	80,00 € 40,00 €	
O.M.C.	038	3	3A	0	Leve Art.128 c)	Circular con un aparello de mobilidade persoal ou outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou similares, por espazo distinto do especificamente a eles destinado ou autorizado, ou da calzada. Deberá indicarse o lugar polo que circula.	80,00 € 40,00 €	
O.M.C.	038	3	3B	0	Leve Art.128 c)	Circular con un aparello de mobilidade persoal ou outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou similares pola calzada, existindo espazo especificamente a eles destinado ou autorizado.	80,00 € 40,00 €	

O.M.C.	038	4	4A	0	Leve Art.128 c)	Circular con un aparello de mobilidade persoal ou outros tipos de enxeños mecánicos por vías que teñan a consideración de travesías, vías interurbanas e autopistas e autovías que transcurran dentro de poblado, así como polos túneles urbanos	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	5	5A	0	Leve Art.128 c)	Circular sobre o mobiliario urbano cun aparello de mobilidade persoal, monopatín, patín ou aparello similar (deberá indicarse o aparello utilizado).	80,00 € 40,00 €

CUARTO.- De acordo co disposto no artigo 70 da LRBRL, publicar este acordó no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez sinala que na propostas de cambio os vehículos de turismo de reparto, modificar o artigo 49 está claramente especificado. Noutro punto que fala do estacionamento diante dos domicilios, está recollido na propia ordenanza.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que a xente se queixa de que volver tráfico rodado na rúa Cardenal.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non dan lugar as dúas alegacións porque está recollido na ordenanza estas situacións. Para entrar a coller e deixar mercancías está previsto. Ademáis o que está na ordenanza é o equivalente ao que hai noutras cidades non se pode repartir a calquera hora do día.

E probable que algún circule por onde non debe. Na ordenanza se recolle unha suxerencia da propia policía local onde fala do control telemático en zonas concretas da cidade, e algún medida se tomará nese sentido.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que non están en contra no seu prantexamento pero iso está recollido para darlle autorización ou non nos días concretos e no tempo que se estime.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG - Grupo Mixto) e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Esperta Monforte!-Grupo Mixto).

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

7º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 28.06.2021, 29.06.2021 e 09.07.2021) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogo do Esperta Monforte sobre a inclusión das instalacións das Lamas no alumeado

Resposta o Sr. Alclade dicindo que realizarán o alumeado das Lamas e van modernizar o alumeado de toda a cidade e de todas as parroquias.

Pregunta de Esperta Monforte porqué se deixa facer eses actos, o cine, danza na explanada dos escolapios.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que non foi solicitada ningunha actividade solicitada polos Escolapios.

Resposta o Sr. Alcalde que son actos do Xacabeo que se celebraron.

Pregunta do BNG relativa ao mobiliario do paseo do río RE 11579 de data 26.07.2021

Resposta o Sr. Alcalde si que se van poñer papeleiras, vanse poñer bancos e ao lado unha papeleira, vaise poñer en todo o percorrido do paseo, xa están comprados, tan pronto se poida se realizará

Rogo do BNG sobre a prevención e extinción de incendios forestais RE 11580 de data 26.07.2021.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que concorda que di na súa iniciativa, acordando remitir o mesmo á consellería de Medio Rural.

Pregunta do Partido Popular relativa á obra da Concepción Arenal

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que iso desaparece unha vez que veña a época de choiva

Rogo do Partido Popular sobre petición de documentación.

Resposta o Sr. Alcalde en relación co punto primeiro solicitouse informe á técnica de servizos que se atopa disfrutando do seu período vacacional, unha vez rematado o mesmo se porá a disposición os mesmos.

Non procede a elaboración dos expedinetes senón a súa posta a disposición dos mesmos.

No tocante á relación dos inmobles de titularidade municipal, a mesma obra no inventario municipal que está a disposición dos concelleiros/as na Secretaría Municipal do que se deu conta xa na sesión constitutiva da Corporación.

Remata a sesión sendo as vintedúas horas mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE